

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 26 DE FEBREIRO DE 2021

Asistentes:

Presidenta

Reboreda Morillo, Susana

Vicedecana

Arribas Álvarez, M. Carmen

Secretaria

Cadilla Lomba, Josefina T.

PDI

Barriocanal López, Yolanda

Comendador Rey, Beatriz P

López Díaz, María

Pérez Losada, Fermín

Pérez Rodríguez Francisco J.

Prada Rodríguez, Julio

Presedo Garazo, Antonio

Rodríguez Teijeiro, Domingo

Uña Álvarez, Elena de

Vaquero Díaz, María Beatriz

PDI contratado

Campos Álvarez, Xosé R.

Estudantes

Lozano Ramírez, A. Tierra

PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

A xunta realízase de xeito virtual, mediante o Campus Remoto na sala de xuntas 1 da Facultade de Historia, reuníndose os membros que figuran á marxe, o venres 26 de febreiro de 2021, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 19 de febreiro de 2021.
2. Informe da presidenta.
3. Aprobación, se procede, da adscrición das materias a áreas afíns para o curso 2021/2022, para o Grao en Xeografía e Historia.
4. Aprobación, se procede, da PDA para o curso 2021/2022, para o Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.
5. Aprobación, se procede, da PDA para para o curso 2021/2022, para o Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade.
6. Rolda de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 19 de febreiro de 2021.

Apróbase a acta por asentimento.

2. Informe da presidenta.

A decana informa sobre os seguintes aspectos:

-No caso de ter nalgunha materia a alumnado do programa de maiores, debe comunicarse ao decanato para a elaboración das quendas.

-Todo o material solicitado polo profesorado está xa pedido.

-Asinouse un convenio marco e outro específico co Concello de Baños de Molgas, grazas á xestión da profesora Beatriz Comendador, inclúese tamén un convenio de prácticas do que se encargará o profesor Domingo R. Teijeiro.

-Comprobouse o funcionamento das tabletas na aula e o resultado é satisfactorio, é un sistema cómodo que permite interactuar co proxectado na pantalla.

3. Aprobación, se procede, da adscrición das materias áreas afíns para o curso 2021/2022, para o Grao en Xeografía e Historia.

Este asunto xa xerou debate na lista de correo do profesorado.

A decana reitera os comentarios realizados por ela na lista. No regulamento de PDA indícase que se debe indicar un departamento alternativo para a docencia das materias de formación básica e obrigatorias. No noso caso non se pode establecer departamento alternativo porque non o hai e desde a vicerreitoría indicaron que propuxeramos áreas afíns o que motivou que se mandara o formulario para indicalas.

A decana indica que as persoas que desexen intervir que soliciten a palabra polo chat.

Fermín Pérez, profesor e director do Departamento de Historia, Arte e Xeografía, explica que a directora de área de profesorado comentoulle que a razón da solicitude é que tiveron algúns problemas nalgunhas áreas porque nin tiñan lista de agarda, nin suxestión para profesorado invitado. Os departamentos implicados non querían impartir a docencia e a Universidade de Vigo indica que iso non pode ser. Unicamente se usará no caso de que non exista lista de agarda nin se consiga profesorado invitado. Trátase dunha opción excepcional que é moi difícil que chegue ao noso departamento. Tamén aclara que non implica a unión de áreas.

A profesora Yolanda Barriocanal intervén para indicar que hai unha dificultade enorme nas súas materias para adscribir áreas afines, no caso de Historia da Arte, non é posible. Susana Reboreda considera que nese caso está claro. Igual que no caso de inglés. Neses supostos non se contempla a área afín.

Intervén Beatriz Vaquero, para explicar que se algún profesor se negou a impartir docencia sería porque non era da súa área, porque en caso contrario, se tivese folgura estaría obrigado a impartila. Pensa que é un asunto moi serio, xa que nos estaríamos comprometendo a cubrir docencia dun área afín. O equipo reitoral pode realizar unha declaración de boa vontade no sentido de que acudirán á lista de agarda. Se isto non está na normativa non considera que sexa oportuno colocarse como voluntarios. No suposto de que sexa necesario, deberán establecer unha norma, na que se inclúa a necesidade e a pauta para cubrir esas etapas, primeiro lista de agarda, logo invitados, e no último caso serán as áreas afíns. Opina que se isto pasa os trámites académicos e sindicais e se aproba se asumirá, pero ela non está de acordo con realizalo de forma voluntaria. Anuncia o seu voto negativo.

María López, refrenda o indicado por Beatriz Vaquero e explica que nos criterios de elaboración de PDA, aprobados o 1 de febreiro de 2021, se indica que é o departamento quen debe dispor a docencia. No oficio remitido aos centros para a elaboración da PDA, establécese lista priorizada dos departamentos para as básicas. Considera irregular o que van facer, porque se pide tamén as materias obrigatorias. Opina que non se pode adiantar unha afinidade para algo que pode ocorrer ou non.

Elena de Uña, indica tamén que esta de acordo co que acaba de dicir Beatriz Vaquero e que Beatriz Comendador apoia no chat. Considera que é unha cuestión o suficientemente importante para que non se comunique por escrito. Debe ser un proceso regulado paso por paso, parécelle totalmente irregular. Polo que compete á Área de Xeografía e a de Análise Xeográfico Rexional, manifesta os seu desacordo con esta cuestión. Lembra que as nosas listas de agarda están vixentes e nunca tivemos problemas para compaxinar docencia e non lle parece correcto o que agora se solicita.

Julio Prada, ratifica o indicado polas persoas que lle precederon no uso da palabra, entende que efectivamente non é algo preceptivo, o que si o sería é que se comunique polas canles axeitadas. Manifesta que a postura da súa área é a de rexeitar a proposta se non está fundada e comunicada formalmente, aínda que eles si mandaron areas afíns. Isto en principio é desexable, non

obligatorio. Ademais insiste en que no departamento non hai problema, por ter todas as áreas listas de agarda e hai profesorado invitado. É partidario de comunicarlle esta opinión á vicerreitoría.

Fermín Pérez, explica que o argumento é unicamente ter un plan B, para os casos nos que lles pasou isto. Evidentemente igual non é recomendable en adoptalo se non está nunha normativa.

Finalizado as quendas de intervención, acórdase por asentimento rexeitar a adscrición das materias ás áreas afíns para o curso 2021/2022, para o Grao en Xeografía e Historia.

4. Aprobación, se procede, da PDA para o curso 2021/2022, para o Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.

Apróbase por asentimento.

5. Aprobación, se procede, da PDA para o curso 2021/2022 para o Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade.

Apróbase por asentimento.

6. Rolda de intervencións.

Non se presentan.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.24 h do día 26 de febreiro de 2021, da que eu como secretaria , dou fe co visto e praxe da decana.

A decana
Asinado dixitalmente
Susana Reboreda Morillo

A secretaria
Asinado dixitalmente
Josefina Cadilla Lomba